

## **DECLARACIÓN INSTITUCIONAL CON MOTIVO DO 8 DE MARZO**

Van xa 159 anos desde que, aquel 8 de marzo de 1857, un grupo de obreiras textís saíu á rúa en Nova York para protestar polas súas condicións laborais. Hoxe en día, esta data reivindica e simboliza a loita incansábel das mulleres do mundo na defensa dos seus dereitos laborais e na defensa da igualdade.

Neste marzo de 2016 a realidade continúa a evidenciar que a crise agravou a situación de desigualdade e precariedade das mulleres. Diante do discurso falaz da igualdade conseguida diferentes estudos, informes e enquisas recollen datos sobre a crecente situación de precariedade laboral e traballo vulnerábel que viven as mulleres galegas. A fenda salarial segue a ser unha realidade aínda por combater diante da que, as institucións con competencias, non interpoñen medidas. Ademais, son as mulleres quen lideran as estatísticas de emprego temporal e parcial. No que atinxe ao traballo non remunerado, as desigualdades na repartición das responsabilidades repercuten negativamente sobre as mulleres, que tamén sofren a sobrecarga derivada da redución do apoio ás necesidades de coidados.

Desde a Deputación da Coruña defendemos unha política laboral, fiscal e social, ao servizo da redistribución xusta dos recursos, e solucións urxentes para os colectivos máis vulnerábeis. Loitaremos para acabar coa desigualdade na toma de decisións libres e autónomas que lles permita ás mulleres desenvolver unha vida plena sen imposicións. Implicarémonos en superar a desigualdade na utilización da linguaxe que invisibiliza ás mulleres, cando non as menospreza, e na imaxe que ofrecen delas os diferentes medios e nas redes sociais. A Deputación fará campañas para que desaparezan as desigualdades nas mulleres con discapacidades, nas mulleres inmigrantes e nas mulleres que pertencen a outras minorías.

O 8 de Marzo é unha ocasión para reflexionarmos sobre os avances conseguidos, esixir cambios e celebrar os actos de valor de mulleres comúns que desempeñaron unha función extraordinaria na historia, reclamando dereitos básicos como o acceso á educación, a cultura, o traballo ou a política.

É o compromiso desta institución formular e aplicar políticas e programas efectivos e eficaces con perspectiva de xénero, así como poñer os recursos precisos que contribúan a acadar a tan reclamada igualdade de dereitos entre mulleres e homes nos diferentes ámbitos da sociedade.